

Nº Expte: LU-11/144-EOL

Denominación do proxecto: **Parque eólico Chao do Marco**

Solicitante/Promotor: Enel Green Power España SL

Situación: Concello de Becerreá (Lugo)

## 1 ANTECEDENTES

Con data 11/10/2022 recíbese na ÁREA DE OBRAS E MANTENIMIENTO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA a solicitude de informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Chao do Marco, dentro das competencias da mesma e de acordo co establecido no apartado 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Así mesmo, o apartado 14 do referido artigo dispón que se aplicará o regulado na sección 1ª do capítulo I da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

O Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación facilitou a este organismo o acceso á seguinte documentación:

- Estudo de Impacto Ambiental (EIA) do Parque Eólico Chao do Marco (Asdo.09/08/2022).
- Documentación complementaria: Plano do Parque Eólico Arquivo Shape.

O Estudo de Impacto Ambiental presentado polo promotor inclúe un documento específico, "Anexo 12: Análise de afección ao turismo", no que se describen os potenciais impactos sobre os elementos con valor turístico da zona e se establecen medidas preventivas e correctoras a desenvolver nas fases de construcción e explotación.

En base a esta documentación emítense o presente informe, en relación coa posible incidencia do proxecto sobre os valores turísticos da zona, así como as medidas protectoras ou correctoras a adoptar para mitigar os posibles efectos adversos do mesmo.

TURISMO DE GALICIA  
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA  
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)  
15897 Santiago de Compostela  
[turismo.gal](http://turismo.gal)





## 2 DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Proxéctase a construción dun parque eólico no concello de Becerreá (Lugo), composto por 8 aeroxeradores de 6 MW de potencia unitaria, con 170 metros de diámetro de rotor e 115 metros de altura de buxe, e unha potencia total instalada de 48MW.

O parque eólico Chao do Marco localízase na Área de Desenvolvemento Eólico Becerreá-Paradela. As coordenadas das instalacións do parque son as seguintes (DATUM ETRS89, HUSO 29):

Coordenadas UTM (ETRS89, Huso 29)		
Aeroxerador	X	Y
<b>CM02</b>	649.620,00	4.753.696,00
<b>CM03</b>	649.774,00	4.753.201,00
<b>CM04</b>	650.092,00	4.752.774,00
<b>CM05</b>	651.282,00	4.751.791,00
<b>CM06</b>	651.963,00	4.751.469,00
<b>CM07</b>	652.347,00	4.750.942,00
<b>CM08</b>	652.757,00	4.750.765,00
<b>CM09</b>	651.391,00	4.750.368,00
<b>Torre medición</b>	651.578,00	4.751.512,00

Coordenadas SET (HUSO 29)		
Núm. Vértice	X	Y
<b>1</b>	651.090,29	4.752.325,07
<b>2</b>	651.173,89	4.752.263,02
<b>3</b>	651.144,41	4.752.223,30
<b>4</b>	651.060,81	4.752.285,35

Coordenadas UTM (ETRS89, Huso 29)		
Torre medición	X	Y
<b>Torre medición</b>	651.578,00	4.751.512,00

O acceso ao parque eólico realiza-se pola estrada LU-P-0708. Os camiños internos que darán acceso aos aeroxeradores e subestación aproveitarán o máximo posible a rede de camiños existentes. A lonxitude total dos camiños interiores é de 11.539 m aproximadamente.

Os aeroxeradores conectaránse mediante liñas soterradas de 33 kV coa subestación 33/220 kV do parque eólico Chao do Marco. A lonxitude total das gabias a construír para aloxar o sistema colector do parque eólico é de 10.867 metros.





### 3 DESCRICIÓN DA CONTORNA

O turismo é un sector estratéxico para o futuro de Galicia, fundamental no noso desenvolvemento social e económico e na xeración de emprego e benestar para as familias galegas.

O concello afectado polo parque eólico forma parte do xeodestino turístico coñecido como Ancares-Terras de Burón, que ocupa a zona limítrofe con Asturias e León. Destaca polas súas paisaxes de montaña, pequenas aldeas con encanto coma O Cebreiro, porta de entrada a Galicia do Camiño de Santiago, bosques de carballos, castiñeiro, faias, etc. Trátase dunha zona cun importante patrimonio natural e etnográfico.

Ancares-Terras de Burón é un destino de ecoturismo principalmente, baseado no desenvolvemento sostible dos recursos naturais e culturais, con pequenos aloxamentos de turismo rural, explotacións gandeiras onde se potencian as razas autóctonas, artesanía, e innumerables produtos gastronómicos tradicionais. Conta con grandes recursos ao aire libre vincellados á natureza e ao patrimonio cultural, ou á gastronomía de produto.

Nas proximidades do parque existen xa outros parques eólicos en funcionamento, coma o parque eólico Serra do Punago-Vacariza, e autorizados, coma o parque eólico Serra do Punago, polo que é previsible que xa haxa visión de infraestruturas eólicas en certos puntos de interese turístico da contorna do parque.

Facendo unha análise da documentación presentada, *a priori* as principais interferencias que a instalación deste parque eólico podería xerar sobre o desenvolvemento turístico da zona serían as derivadas do impacto visual do proxecto e o incremento dos niveis acústicos na contorna máis inmediata dos aeroxeradores proxectados. Un dos parámetros determinantes na valoración do impacto sobre estes factores é a distancia entre as instalacións do parque eólico proxectado e os elementos de interese turístico. Por ese motivo, previamente á valoración destes efectos, compre identificar os potenciais receptores presentes no entorno.

#### 3.1 Elementos de interese turístico no entorno do parque

A unha distancia de 10 km do parque eólico localízanse os seguintes elementos de interese turístico:

##### 3.1.1 Elementos de interese turístico: patrimonio natural e biodiversidade

A calidade do entorno natural, a súa diversidade e o valor dos recursos naturais son tres dos aspectos más valorados na elección dun destino de turismo da natureza<sup>1</sup>. Estudos realizados

<sup>1</sup> Secretaría General de Turismo, 2004. El turismo de naturaleza en España y su plan de impulso. Estudios de productos turísticos. Secretaría General de Turismo, Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Madrid.





a escala da Unión Europea sinalan que o 21% dos turistas valoran a presenza de lugares da Rede Natura 2000 á hora de seleccionar os seus destinos<sup>2</sup>.

O parque eólico proxectado non afecta directamente a ningún espazo natural protexido, non obstante, a menos de 10 km dos aeroxeradores localízanse:

- ZEC Añcares-Courel (ES1120001), a uns 3,8 km do aeroxerador máis próximo.
- ZEC Cruzul-Agüeira (ES1120007), a uns 4,3 km do aeroxerador máis próximo.
- O parque eólico atópase rodeado por 3 Reservas da Biosfera: Terras de Miño, interceptada pola poligonal do parque eólico e a uns 500 m de distancia do aeroxerador máis próximo; Río Eo, Oscos e Terras de Burón, a uns 3,4 km ao norte; e Os Añcares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá, a uns 4,4 km do aeroxerador máis próximo.

A maior distancia, uns 14 km, atópase a ZEPA Añcares (ES0000374).

### 3.1.2 Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP)

A unha distancia de 10 km do parque eólico localízanse as seguintes AEIP:

- AEIP\_01\_10 Río Navia, a uns 3,4 km ao sur do aeroxerador máis próximo.
- AEIP\_01\_11 Cruzul-Agüeira, a uns 3,5 km ao sur do aeroxerador máis próximo.

### 3.1.3 Miradoiros:

A unha distancia de 10 km do parque eólico localízanse os seguintes miradoiros:

Denominación	Comarca
Miradoiro Montes de Restelo	Os Añcares-A Fonsagrada
Miradoiro Pena Maior	Os Añcares-A Fonsagrada

O más próximo é Miradoiro Pena Maior, a uns 6,5 km ao noreste do parque, seguido do Miradoiro Montes de Restelo a 7,4 km ao suroeste.

### 3.1.4 Rutas de sendeirismo e cicloturísticas e itinerarios paisaxísticos:

A unha distancia de 10 km do parque eólico localízanse as seguintes rutas e itinerarios:

- Ruta Cicloturista Alto do Restelo
- PR-G 159 Sendeiro Quintá-Río Donsal
- Itinerario patrimonial Mámoeas Ferreirúas (As Ferreirúas-O Cereixal)
- Itinerario panorámico de A Proba de Navia a As Pontes de Gatín
- Itinerario natural Serra de Liñares (Becerreá-Mosteiro de Penamaior-Becerreá)
- Itinerario natural Torallo - Torallo (Ribeira do Navia)
- Itinerario natural San Román de Cervantes-Quindous

<sup>2</sup> Bio Intelligence Service (2011), Estimating the economic value of the benefits provided by the tourism/recreation and Employment supported by Natura 2000, Final report prepared for European Commission-DG Environment.





- Itinerario natural Silvouta - Chao do Son - Silvouta

### 3.1.5 Puntos de interese turístico:

O Visor de Turismo de Galicia recolle os seguintes puntos de interese turístico cultural e de actividades a menos de 10 km do parque:

Denominación	Concello
ALDEA DE ALBAREDO	Baleira
ALDEA DE ANTIGUALLAS	Baleira
SANTA MARÍA DE PENAMAIOR	Becerreá
TORRE DE PIÑEIRA	Baralla
PAZO DE VILAMEIXE	Baralla
PAZO DE ARANZA	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SANTO ANDRÉ	As Nogais
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE CÓRNÉAS	Baleira
IGREXA DE SANTA MARÍA DE PENAMAIOR	Becerreá
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTÍN DE NEIRA DE REI	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SAN LOURENZO DE POUSADA	Baleira
CRUZUL-AGÜEIRA	Becerreá
IGREXA DE SAN COSME DE OUSELLE	Becerreá
CASA-TORRE DE BASILLE	Baralla
CASTRO DE CERVANTES	Cervantes
CAPELA DE XESTOSO	Baleira
CAPELA DE SANTA BÁRBARA	Baleira

Dentro do ámbito de 10 km atópase tamén os seguintes **Bens de Interese Cultural** recoñecidos:

ID_BIC	NOME	CONCELLO
<b>BIC.000.558</b>	Igrexa de Santo Andrés das Nogais	As Nogais
<b>BIC.000.447</b>	Torre de Neira ou Torre Vella	Baralla
<b>BIC.000.363</b>	Igrexa de Santa María de Penamaior	Becerreá
<b>BIC.000.741</b>	Castro de Santa María de Cervantes	Cervantes

O Ben de Interese Cultural máis próximo sería a Torre de Neira, a uns 3 km de distancia.

Neste entorno, o Plan Básico Autonómico recolle 318 elementos de patrimonio cultural inventariados, entre os que hai numerosos elementos arquitectónicos e etnográficos, como pazos, casas, pallozas, hórreos, e construcións de orixe relixioso, coma igrexas, capelas e





cruceiros. Tamén aparecen interesantes xacementos megalíticos, coma castros, e mámoas, restos arqueolóxicos romanos, minas e gravados.

### 3.1.6 Camiño de Santiago:

O parque sitúase a uns 12 km do Camiño de Santiago (Camiño Norte Interior) e a uns 16 km do Camiño Francés.

### 3.1.7 Outros puntos de interese localizados:

- Ruta do Souto de Agüeira, que parte da aldea de Ferreiría atravesando un souto de castiñeiro centenarios, a uns 9 km de distancia do parque eólico.
- Ruta Serra de Calamouco, parte da aldea de Borquería e percorre os asentamentos poboacionais de Nuñez, Nunel e Vilar de Frades.

## 3.2 Establecementos hoteleiros (Visor de Turismo de Galicia)

O Visor de Turismo de Galicia recolle os seguintes establecementos hoteleiros a menos de 10 km do parque eólico:

Nome	Concello
O MUÍÑO	As Nogais
O VILARPUNTEIRO	Baralla
CASA POY	Becerreá
CASA LEJO	Baralla
CASA BOUZA	Becerreá
AIRA DE ANCARES	Cervantes
APARTAMENTOS HERBON	Becerreá
CAMPING ANCARES	Cervantes
PENSIÓN R. HERBÓN	Becerreá
HOSTAL RIVERA	Becerreá
PONTES DE GATÍN	Becerreá

Os más próximos son Casa Bouza, a uns 2,6 km do aeroxerador máis próximo, e Casa Poy a 3,9 km de distancia.





Outros establecementos localizados na contorna, a través das páxinas web dos concellos afectados, son:

- Casa Catuxa (Becerreá)
- Hotel Pontes de Gatín (Becerreá)

### 3.3 Presenza doutros parques eólicos

Outro factor determinante á hora de avaliar o impacto que a execución deste parque eólico podería xerar sobre a contorna é a presenza de máis aeroxeradores nos arredores, posto que a asociación de máis dun parque eólico podería dar lugar á aparición de efectos sinérxicos e acumulativos, non só cos elementos do propio parque senón tamén con infraestruturas auxiliares como as liñas de evacuación.

Segundo consta no Rexistro Eólico de Galicia, o parque eólico proxectado estaría nunha zona con presenza de aeroxeradores, tanto instalados coma solicitados e en diferentes fases de tramitación administrativa. Nun radio de 10 km, segundo consta no Rexistro Eólico de Galicia a data de redacción deste informe, atópase un parque eólico en funcionamento (PE Serra do Punago-Vacariza), outro parque eólico autorizado (PE Serra do Punago), e 8 parques eólicos en diferentes fases de tramitación administrativa (PE Pena do Pico, PE Monteiro, PE Navallos, PE Serra do Colmo, PE Serra do Furco, PE Serra de Piñeira, PE Restelo e PE Reboiro).

## 4 ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN APORTADA, DOS EFECTOS DO PROXECTO SOBRE O TURISMO E DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS PROPOSTAS

O Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Chao do Marco (Asdo.09/08/2022) inclúe un estudo específico sobre a afección do proxecto sobre o turismo (Anexo 12). Neste estudo describense algúns dos principais elementos turísticos de interese próximos , así como os potenciais impactos sobre os elementos con valor turístico da zona e defínense as medidas protectoras e correctoras a implantar. O ámbito de estudo utilizado polo promotor é de 20 km ó redor das posicións do parque.

O estudo analiza, dentro da zona de estudo, as afeccións a os elementos de interese turístico dende o punto de vista da xeración de ruído e do impacto visual xerado pola intrusión dos aeroxeradores na contorna. A continuación resúmese a valoración do impacto sobre os elementos de valor turístico realizada:

- *Valores naturais:* o parque eólico será visible dende os catro espazos naturais localizados dentro da envolvente de 20 km: ZEC Cruzul-Agüeira, ZEC Ancares-Courel, ZEPA Ancares e ZEC A Marronda. A maior visibilidade darase nos espazos naturais más próximos, a ZEC Ancares-Courel, con 10.267,5 Ha afectadas pola visibilidade dos aeroxeradores; e a ZEC Cruzul-Agüeira, con 272 Ha afectadas. Os





outros 2 espazos atópanse a maior distancia (>14 km) e cunhas superficies afectadas moi inferiores.

- *BICs e outros elementos patrimoniais:* Na envolvente de 20 km empregada atópanse 14 Bens de Interese Cultural. Só un deles, o Castelo Quindous, presenta visibilidade, se ben se localiza a máis de 11 km do parque.
- *Camiño de Santiago:* O parque eólico sería visible nun tramo de 3 km do Camiño Francés e 5,45 km do Camiño Norte Interior. O impacto veríase mitigado pola distancia, entre 12 e 17 km de distancia, e por barreiras visuais coma arboredo e edificacións.
- *Valores de Uso:* O proxecto sería visible, no peor dos escenarios, en 15 dos 90 aloxamentos e restaurantes presentes nun radio de 20 km. En moitos casos as edificacións e outras barreiras visuais mitigarán o impacto visual dos aeroxeradores. Os establecementos más próximos afectados pola visibilidade do parque serían: Casa Bouza, a uns 2,62 km; Restaurante O Forno da Cal, a uns 3,62 km;
- *Valores panorámicos:* Nunha franxa de 20 km arredor do parque inclúense 10 miradoiros. Os aeroxeradores serían visibles dende 3 deles: Montes de Restelo, a uns 7,5 km de distancia; A Meda-Triacastela, a uns 14,6 km; e Pradario-Serra do Miradoiro, a uns 19,7 km.  
No referente a rutas de sendeirismo, o proxecto sería visible dende 3 das 4 rutas consideradas na envolvente de 20 km: PR-G- 159 Sendeiro Quintá-Río Donsal, a uns 4,5 km; PR-G 134 Sendeiro Muíños do Nacente, a uns 10,4 km; e PR-G 145 Ruta da Marronda-Álto Eo, a uns 17,9 km.
- *Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP):* Na contorna de 20 km analizada existen 7 AEIP. O parque eólico sería visible en 6 delas. As más afectadas pola visibilidade do proxecto son as que se atopan a menos de 10 km, AEIP Río Navia e AEIP Cruzul-Agüeira. As outras AEIP presentan unha porcentaxe de superficie afectada pola visibilidade dos aeroxeradores moi inferior e, dada a distancia que as separa, os aeroxeradores non se percibirían coma elementos dominantes na paisaxe.
- *Impacto acústico do proxecto sobre puntos de interese turístico:* Segundo consta no estudo achegado, os puntos de interese turístico atópanse fóra da área de incidencia acústica do parque eólico.

Por outra banda, sinalar que na *Análise de afección ao turismo* achegado, Anexo 12, non se ten en consideración o efecto sombra parpadeante dos aeroxeradores durante a fase de funcionamento nos elementos de interese turístico. Non obstante, no Anexo 11 do EIA, achégase un *Estudo de afeccións por efecto sombra parpadeante* no que se analiza esta afección sobre 180 receptores localizados na contorna do parque eólico Chao do Marco, si ben non se especifica se algún destes receptores se corresponde con algún aloxamento ou elemento de interese turístico. Este estudo conclúe que en ningún dos puntos de control seleccionados se superaría as 30 horas/ano de parpadeo que toman como valor de referencia no caso "real", polo que non consideran necesario o establecemento de medidas protectoras nin correctoras. Non obstante, se temos en consideración os valores de





referencia indicados no documento "*Alcance do estudo de impacto ambiental de parques eólicos. Dirección Xeral de Saúde Pública, 2022*", non é posible establecer, segundo os datos achegados, se este límiar de 8 horas/ano no caso "real" se vería superado nalgún dos receptores seleccionados.

Por último, sinalar que o Anexo 12: *Análise de afección ao turismo*, recóllese unha serie de medidas, principalmente encamiñadas a minimizar o impacto do proxecto sobre a paisaxe. A continuación resúmense as medidas propostas neste estudo:

*Fase de obra:*

- Planificaranse e delimitarán as áreas de actuación para evitar a afección ás zonas non definidas polo proxecto.
- Accesos. As modificacións de trazado dos accesos existentes, así como a mellora do firme e construcción de viais de servidume realizaranse utilizando materiais que non supoñan contraste coas gamas cromáticas do terreo.
- Instalacións anexas. Para minimizar o impacto paisaxístico das edificacións que son accesorias aos aeroxeradores (edificio de control, subestación eléctrica, etc.), empregaránse materiais da contorna no acabado da súa fachada e respectaranse as tipoloxías e cores típicos das edificacións da zona. Máis aló disto, e en espera dos informes urbanísticos, proponse acabado en mortero monocapa para a fachada.

*Fase de funcionamento:*

- Levaranxe a cabo as medidas de restauración de todas as zonas susceptibles de ser recuperadas.

*Medidas compensatorias:*

- Instalación de paneis informativos que promovan a concienciación ambiental sobre as enerxías renovables, situados preto dalgúns dos puntos de maior afluencia turística, de maneira que, poida mellorar a percepción do parque eólico na paisaxe dos visitantes.

O Programa de Vixilancia non inclúe actuacións específicas para o control e seguimento da afección turística.

## 5 CONCLUSIÓNS

Revisada a documentación presentada en relación ao *Estudo de Impacto Ambiental do parque eólico Chao do Marco (Asdo. 09/08/2022)*, conclúese que, en xeral, o impacto sobre o turismo sería baixo, tanto na fase de obras coma na fase de funcionamento. Non obstante, a infraestrutura proxectada será visible dende varios puntos de interese turístico, destacando a incidencia sobre os seguintes elementos:





- Itinerario patrimonial Mámoas Ferreirúas (As Ferreirúas-O Cereixal), que cruza o parque eólico a escasa distancia dos aeroxeradores.
- Itinerario natural Serra de Liñares (Becerreá-Mosteiro de Penamaior-Becerreá), que transcorre a uns 3,6 km dos aeroxeradores.
- PR-G- 159 Sendeiro Quintá-Río Donsal, a uns 4,5 km
- AEIP\_01\_10 Río Navia, a uns 3,4 km ao sur do aeroxerador más próximo.
- AEIP\_01\_11 Cruzul-Agüeira, a uns 3,5 km ao sur do aeroxerador más próximo.

1. Posto que o principal efecto negativo da infraestrutura é a súa afección sobre a paisaxe, o promotor deberá establecer medidas específicas para reducir a visibilidade da mesma dende os elementos antes sinalados, sempre que sexa posible. A selección destes puntos baséase nos estudos teóricos aportados polo promotor, habéndose incorporado a maiores os itinerarios patrimoniais e naturais próximos. Non obstante, dadas as limitacións da técnica empregada, se unha vez instalados os aeroxeradores se detectasen novas incidencias que afectasen ao interese turístico dalgún enclave, aplicaránsele as mesmas medidas que se definen a continuación.

Dentro destas medidas pode valorarse a creación de pantallas vexetais con árbores autóctonas naqueles tramos dos itinerarios afectados ou puntos nos que a visibilidade das novas infraestruturas resulte especialmente impactante unha vez instaladas as infraestruturas proxectadas.

No caso de establecementos hoteleiros directamente afectados pola visibilidade do parque eólico, especialmente os más próximos como Casa Bouza, Pensión Herbón e Hostal Rivera, e sempre que a perda de calidade visual estea a supoñer unha diminución do seu atractivo turístico, o promotor deberá propor medidas de ocultación puntual, como poden ser as pantallas vexetais, que se instalarán sempre que resulten tecnicamente viables e se conte coa aprobación dos propietarios.

Cando non resulte viable establecer medidas para eliminar ou reducir o impacto esperado, o promotor definirá medidas compensatorias destinadas ao fomento do turismo sustentable na zona, coma pode ser o establecemento de rutas interpretativas dos valores naturais e etnográficos, a creación de miradoiros e áreas de descanso e recreo, a mellora da sinalización dos elementos patrimoniais afectados ou outras actuacións que permitan a posta en valor de elementos que podan dotar de atractivo turístico á contorna do parque eólico.

As medidas serán específicas para os impactos localizados, terán unha afección clara no turismo da zona ou en variables que afectan ao mesmo, e serán coerentes coas establecidas para a protección do patrimonio, da paisaxe e outros valores naturais e patrimoniais do entorno do parque eólico.

2. Coa finalidade de favorecer a integración paisaxística das instalacións, procederase á colocación dunha pantalla vexetal composta por especies arbóreas de frondosas





autóctonas na contorna da subestación do parque eólico. Evitarase a disposición dos exemplares arbóreos de forma ordenada e sempre cumplindo coas distancias mínimas establecidas na normativa vixente en materia de seguridade e prevención de incendios.

3. As obras de instalación realizaranse no menor tempo posible para minimizar a súa afección sobre os bens turísticos, e evitando a súa coincidencia con festas e actividades socio-culturais de importancia que se realicen na contorna.

A localización das instalacións auxiliares de obra e as zonas de provisión, almacenamento e aparcamento manteranse afastadas respecto elementos de interese turístico (establecementos hostaleiros, instalacións deportivas, etc.) de forma que se limite as afeccións debidas a cambios na paisaxe, ruídos, emisións, etc, derivadas destas.

Evitarase o paso de vehículos e maquinaria nas proximidades dos puntos de interese turístico identificados. Nos casos nos que sexa necesario circular nas proximidades dalgún dos elementos sinalados, estableceranse limitacións na velocidade de maquinaria e vehículos e nos horarios de circulación de camións e o número máximo de unidades mobilizadas por hora, evitando a realización de obras ou movementos de maquinaria fose do período diurno (23h - 07h), en períodos de descanso e fins de semana e festivos, datas nas que é previsible que se produza unha maior demanda de servizos turísticos na zona. No caso de que as obras afecten directamente a roteiros e carreiros, estableceranse as medidas necesarias para mantelos abertos e facilitar o paso seguro aos usuarios das mesmas. Se resulta imprescindible o corte destes itinerarios, o corte terá a menor duración posible e será informado coa suficiente antelación, sinalizándose no propio camiño polo menos unha semana antes de producirse. Se o corte debe prolongarse máis dunha xornada, establecerase un paso alternativo.

No caso de que os traballos realizados alterasen o firme, cunetas ou calquera outro elemento dos roteiros afectados, procederase de forma inmediata á súa restauración, recuperando por completo a situación anterior.

4. Ademais das medidas propostas, o promotor deberá incorporar ao Plan de Vixilancia actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección da infraestrutura no sector turístico:

- Realizaranse medicións dos niveis acústicos na contorna dos establecementos hoteleiros situados a menos de 2 quilómetros dos aeroxeradores do parque eólico, de localizarse algúns. Estes controis realizaranse, polo menos, cunha periodicidade trimestral durante os dous primeiros anos de funcionamento do parque eólico e semestral durante o terceiro ano. No caso de que a campaña de medidas mostre valores superiores aos permitidos pola normativa vixente, estableceranse as medidas necesarias para garantir que se cumpla a lexislación vixente.
- Así mesmo, transcorrido un ano dende a posta en marcha do parque eólico, realizarase unha simulación mediante software específico das horas de parpadeo de sombras recibidas nos establecementos hoteleiros situados a menos de 10 veces o diámetro de rotor dos aeroxeradores, de haber algúns. Esta análise levarase





a cabo aplicando as horas reais de funcionamento do parque eólico e os datos meteorolóxicos do ano en estudo. Para completar esta análise, simularase tamén o efecto conxunto con outros parques eólicos en funcionamento nas proximidades. De superarse os valores de referencia, 8 horas/ano no caso real (Dirección Xeral de Saúde Pública, 2022), estableceranse as medidas correctoras necesarias para evitar molestias aos hóspedes destes establecementos, como pode ser a colocación de pantallas vexetais ou a parada dos aeroxeradores implicados na franxa horaria e época do ano na que se produce este efecto. Este estudio realizarase unha vez ao ano durante os 3 primeiros anos de funcionamento do parque eólico e sempre que entre en funcionamento un novo parque eólico que poida xerar un efecto sinérxico ou acumulativo co parque eólico proxectado.

5. Non obstante ó anterior, estas medidas non será necesario sometelas a novo informe da Axencia de Turismo de Galicia.

En Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento.

